



Federación Galega
de Caza

XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

Presidencia



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"

2. Procedemento e prazos para o exercicio do voto por correo:

Artigo 30 do Regulamento Electoral:

1. Unicamente se admitirá o voto por correo nas votacións para membros da Asemblea Xeral naqueles estamentos integrados por persoas físicas.
 2. En ningún caso as persoas electoras que solicitaran o exercicio do dereito a voto por correo poderá emitir o voto de forma presencial.
 3. As persoas electoras poderán emitir o seu voto por correo, de conformidade co seguinte procedemento:
 - a) A persoa electora solicitará por escrito o seu dereito ao voto por correo á xunta electoral interesando a súa inclusión no censo especial de voto por correo. Dita solicitude deberá realizarse (*) a partir do día seguinte ao da convocatoria das eleccións e ata cinco días despois da publicación do censo definitivo, cumprimentando o documento normalizado que se axustará ao anexo do presente regulamento electoral. Diariamente a xunta electoral remitirá electrónicamente á Secretaría Xeral para o Deporte un listado nominal coas solicitudes de voto por correo solicitadas o día anterior. Non poderán incluírse no censo de persoas con dereito a exercer o voto por correo aqueles electores que non figurasen nos listados nominais, incluído o listado do último día de prazo para solicitalo remitido á Secretaría Xeral para o Deporte.
 - b) A solicitude presentárase persoalmente, exhibindo o DNI, pasaporte ou autorización de residencia ante a secretaría da Federación Galega de Caza na sede federativa central en Santiago de Compostela e que deberá trasladala solicitude á xunta electoral.
- (*) A solicitude de inclusión no censo especial do voto por correo deberá realizarse entre o 27 de agosto ao 4 de outubro, mediante o modelo de solicitude que pode descargarse na sección do proceso electoral da páxina web da FGC.**
- c) No caso de enfermidade ou incapacidade que impida a presentación persoal da solicitude, deberá acreditarse tal extremo mediante certificado médico e poderá ser exercido ese dereito en nome da persoa electora mediante representación autorizada notarialmente e por documento que se estenderá individualmente en relación con cada persoa electora e sen que no mesmo poida incluírse a varias persoas electoras, non podendo unha persoa representar a máis dun elector. Nestes casos, a xunta electoral comprobará, en cada caso, a concorrencia das circunstancias ás que se refire este apartado.
 - d) Recibida a solicitude, a xunta electoral comprobará a inscrición da persoa solicitante no censo electoral.

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

Estadio Multiusos de San Lázaro, Porta 12 - Tlf. 981 562 777 Fax 981 562 779 - 15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Correo Electrónico: federacion@federaciongalegadecaza.com Internet: <http://www.federaciongalegadecaza.com>



Federación Galega
de Caza

XUNTA
DE GALICIA



Presidencia



"A Caza, unha actividade física saudable
en plena natureza"

- e) O censo de persoas autorizadas para o exercicio do voto por correo deberase remitir á Secretaría Xeral para Deporte, e publicarse ademais na páxina web da federación e no taboleiro de anuncios da mesma.
- f) A xunta electoral enviará á persoa electora por correo certificado dous sobres electorais (sobre 1, de votación" e sobre 2) e as papeletas de todas as candidaturas, así como un certificado orixinal autorizando o voto por correo, ao domicilio indicado na súa solicitude ou no seu defecto ao que figure no censo.
- g) A presentación dos votos poderá realizarse en calquera das oficinas de correos con seis días hábiles de antelación á data da realización das eleccións presenciais.
- h) A persoa electora introducirá a papeleta no sobre 1 da votación do estamento a que pertenza. Posteriormente, unha vez na oficina de Correos, exhibirá a súa identificación e o certificado. O funcionario de correos procederá de conformidade coas instrucións que figuran no sobre e selará o certificado. Unha vez feito isto, o sobre coa votación introdúcese dentro do sobre 2 que vai dirixido á mesa electoral, xunto coa certificación federativa selada e que autoriza o voto por correo e pecharase, sendo selado polo funcionario de correos e entregado nesa oficina.

Non serán admitidos os sobres depositados con data posterior (**), debendo indicar no enderezo que vai dirixido á Secretaría Xeral para o Deporte que custodiará esta documentación ata o día da votación.

() O Fin de prazo para emisión do voto por correo é o 25 de outubro.**

- 4. O prazo límite para recibir os votos por correo finalizará vinte e catro horas antes das votacións presenciais.
- 5. O sobre remitirase á Secretaría Xeral para o Deporte para a súa custodia, por correo, consignándose no anverso e reverso do mesmo os datos que figuran no Anexo I de este Regulamento.
- 6. O elector que solicitara o voto por correo e este no listado do mesmo, non figurará no listado para realizar o voto presencial, non podendo realizar este, unicamente o de correo.

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA

Estadio Multiusos de San Lázaro, Porta 12 - Tlf. 981 562 777 Fax 981 562 779 – 15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Correo Electrónico: federacion@federaciongalegadecaza.com Internet: <http://www.federaciongalegadecaza.com>